



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n – bloque 5 – 3º planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FEDERACIÓN DE PRAZAS DE ABASTOS PARA A FINANCIACIÓN DUNHA FERRAMENTA WEB DE VENDA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Prazas de Abastos, en adiante, Fepragal, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Fepragal, para a realización e financiamento da construción e posta en marcha dun espazo web que conte con plataforma de venta online de produtos das prazas asociadas.

Que a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria será do 100% do orzamento total, polo importe de 150.000,00 euros (IVE incluído).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

É preciso, polo tanto, adaptar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos e no eido competencial da consellería. Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego

O comercio tradicional na actualidade está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo, e mellorar a súa posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas e cidades, abríndose a novas canles de comunicación co público e de comercialización dos produtos.

Neste senso, o canal de venta dixital, coa posta en marcha dun espazo web con plataforma de venta on-line dos produtos das prazas asociadas así como a profesionalización da xestión do seu espazo web dentro da plataforma dos praceiros como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrència fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència publica porque a acción obxecto deste convenio é xestionada pola propia Federación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Sol María Vázquez Abeal
Directora xeral de Comercio e Consumo.
(Asinado electronicamente)

